



V 2a²

“Anque veño por aquí
non veño por facer mal,
veño por me adevertir-e
coa xente do meu igual”.

“Coa xente do teu igual,
meniña, ti ben dixeches,
se non sábelo camiño,
volve por donde viñeches”.

“O camiño ben o sei,
ben o vexo desde aquí,
pero estimaba levar-e
esta rosa a par de mí”.

“Esta rosa non é túa,
se non é ben puido ser
i o ghalán que tanto sabe,
debía de saber ler”.

“Nin sei ler nin escribir-e
e ó millor beilar de roda,
o día da túa voda
hei de poñer monteira nova”.

“Monteira nova, ghalán,
non che é grande maravilla
monteira nova, ghalán,
non che é grande maravilla,
en que empleache, ghalán,
i-o diñeiro de Castilla”.

“I-o diñeiro de Castilla
meniña, ti tes razón,
que i-o ghashámoslos dous-e
na taberna de Ribón.

“Se o ghashache, non o ghasharas,
Que eu non cho mandei ghashar,
ghalán, de las setes damas,
cal delas has de levar?”.



“Se eu son o das sete damas
ti es la que de menos precio”.

“Se eu son a de menos precio
ghalán, a ti que che importa.
Sa outros mejores que a ti-e
ténochos á miña porta”.

“Dos que tes á tua porta
ben te podes i-alabar,
pequeniños e mal feitos
cheos de sarna pra rascar”.